

RESOLUCIÓN REITORAL DO 17 DE XUÑO DE 2026 POLA QUE SE PUBLICA A RELACIÓN DEFINITIVA DE SOLICITUDES ADMITIDAS A TRÁMITE NA CONVOCATORIA DE AXUDAS A PROXECTOS PARA O PERSOAL INVESTIGADOR CON TRAXECTORIA EXCELENTE DO CAMPUS DE OURENSE 2026

Por Resolución Reitoral do 14 de maio de 2026 publicouse a relación provisional de solicitudes admitidas a trámite na Convocatoria de axudas a proxectos para o persoal investigador con traxectoria excelente do Campus de Ourense 2026.

Transcorrido o prazo establecido para presentar reclamacións, esta Reitoría

RESOLVE

Primeiro.- Aprobar a publicación da relación definitiva de solicitudes admitidas a trámite na Convocatoria de axudas a proxectos para o persoal investigador con traxectoria excelente do Campus de Ourense 2026, que figura no Anexo I.

Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer recurso ante a xurisdición contencioso-administrativa, no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte a publicarse, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Non obstante, as persoas interesadas poderán optar por interpoñer un recurso potestativo de reposición, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte á publicación da presente resolución, perante o mesmo órgano que a ditou. Neste caso non caberá interpoñer o recurso contencioso administrativo antes citado, namentres non recaia resolución expresa ou presunta do recurso de reposición de acordo co disposto na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

O reitor



Anexo I

RELACIÓN DEFINITIVA DE SOLICITUDES ADMITIDAS A TRÁMITE

Solicitante	Proxecto
Eiras Barca, Jorge	Avanzando na comprensión dos mecanismos físicos implicados desenvolvemento e persistencia dos eventos extremos de estrés térmico de alto impacto para o sector agrícola
Ferreira Santos, Pedro Miguel	Desenvolvemento de procesos sostibles de biorrefinaría de microalgas para a obtención de compostos biofuncionais con aplicación alimentaria e terapéutica
Pérez Rodríguez, Paula	Fraccionamento e estabilidade da materia orgánica do solo trala implementación de prácticas agrícolas sostibles: implicacións no secuestro de carbono
Rodríguez Seijo, Andrés	Desenvolvemento e validación dunha metodoloxía analítica baseada en ORBITRAP para a determinación de PFAS en solos agrícolas de Galicia

